

Memoria de participación no “Obradoiro educativo sobre pradarias mariñas para centros educativos”

A participación do alumnado de 6º curso de Educación Primaria do CEIP Outeiro das Penas nesta actividade do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) estivo motivada, entre outras razóns, pola proximidade do centro á Enseada de San Simón, onde atopamos unha pradaría mariña de zostera, que posiblemente non é moi coñecida por unha importante parte da poboación da contorna. Grazas a este proxecto, iniciamos a posta en valor desta riqueza natural que será preciso preservar para que poida seguir contribuindo ao mantemento do ecosistema do que forma parte.

Os principais **obxectivos** que estiveron presentes neste proxecto, en maior ou menor medida, foron os seguintes:

- ☐ Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
- ☐ Coñecer a estrutura dos seres vivos identificando as súas principais características e funcións.
- ☐ Investigar as características de ecosistemas da súa contorna mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información, presentando os resultados e mostrando interese pola rigurosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- ☐ Expresar oralmente os resultados obtidos en proxectos ou investigacións, apoiando o discurso en datos gráficos.
- ☐ Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais, fomentando os principios e os valores da interacción social.
- ☐ Planificar e realizar un proxecto.
- ☐ Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Atopar posibilidades no medio que outros non aprecian.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais, propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.
- Expresarse de forma oral, satisfacendo as necesidades de comunicación en diferentes situacións.
- Ampliar o vocabulario para lograr unha boa expresión precisa.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Participar activamente na vida cívica, valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.
- Coñecer o traballo de mulleres no campo da ciencia e a investigación.

Os **obxectivos** anteriores e algúns outros estiveron presentes nas diferentes accións deste proxecto e tiveron como referentes importantes as seguintes actividades:

- Charla divulgativa sobre pradarias mariñas impartida polo Equipo do CEIDA.
- Campaña de seguimento científico a través de dúas visitas guiadas á pradaria da Enseada de San Simón en marea baixa (outono e primavera); visitas dirixidas polo “Equipo de Educación Ambiental do CEIDA”.
- Charla sobre aspectos históricos relacionados coa Enseada de San Simón, a cargo de mestres do Centro.
- Recollida de información sobre a “vida do choco”, especie moi significativa na Enseada de San Simón.
- Elaboración de materiais sobre os coñecementos adquiridos.
- Participación no “I Congreso educativo sobre pradarias mariñas, tesouros de biodiversidade”.
- Visionado da montaxe elaborada polo CEIDA sobre o “I Congreso educativo sobre pradarias mariñas, tesouros de biodiversidade”.

A metodoloxía seguida durante este proxecto foise adaptando ás diferentes actividades, pero tivo como referente a participación activa do alumnado na búsqueda de respostas ao que ían descubrindo e aproveitando a súa curiosidade ante os achados que xurdían.

O inicio do proxecto para o alumnado, unha vez comunicada a intención de participar no “Obradoiro educativo sobre pradarias mariñas para centros educativos” foi a “Charla divulgativa sobre pradarias mariñas impartida polo Equipo do CEIDA”; a valoración é moi positiva, conseguiu espertar a súa curiosidade e ter unha información clara sobre as pradarias mariñas e a ceba, que ata entón descoñecían. A súa estrutura foi moi adecuada e conseguiu manter o interese do alumnado, mostrar con rigor a información e facela asequible ao seu nivel.

Esta primeira charla é un bo inicio do proxecto, pois permite afrontar a primeira visita á pradaria mariña cunha información inicial que facilita o aproveitamento da mesma, sen restar o efecto sorpresa que os achados van ir producindo.

Entre a charla inicial e a primeira observación da nosa pradaría mariña tan só fixemos pequenas pescudas de información para manter vivo o interese pero sen profundizar en ningún aspecto, co obxectivo de que o contacto directo coa pradaría resultase o centro de interese e espertase a súa curiosidade.

A primeira visita guiada á pradaría da Enseada de San Simón fixémosla nos primeiros días de decembro coa marea baixa e resultou moi interesante.

No tempo de espera ata a chegada á praia de Cesantes do equipo do CEIDA, fixemos unha charla na área que se achega á illa de San Simón comentando aspectos históricos relacionados con este lugar, que espertaron interese no alumnado e acabarían influíndo no desenvolvemento do proxecto.

O equipo do CEIDA conseguiu nesta visita guiada da pradaría que o alumnado descubrixe a riqueza que tiñan na “súa praia” e que ninguén lle dera a coñecer. Foi un achado realmente sorprendente e dende ese día a súa visión dese lugar transformouse, ata o punto de ser hoxe en día algo que consideran fundamental preservar.

O estudo realizado na visita supuxo un achegamento ao método científico, a necesidade do rigor na observación e na recollida de datos, a interacción de coñecementos varios - naturais, matemáticos, lingüísticos, ...- e a posta en valor do traballo en equipo.

Podemos dicir, sen risco a equivocarnos, que a praia de Cesantes que coñecían, dende ese día xa non sería a mesma.

A segunda visita guiada da pradaría conseguiu reforzar aínda máis esa transformación na visión da “súa praia”. Foi a finais de abril, cando unha gran baixamar, facilitou que esta saída resultase moi enriquecedora. Posiblemente o achado das postas de choco foi algo moi sorprendente e a posibilidade de probar os froitos da ceba algo inesperado. A primaveira provoca cambios significativos na pradaría mariña, e puideron ser observados.

Outra fase do proxecto foi a preparación dos materiais que se presentaron no “I Congreso educativo sobre pradarías mariñas, tesouros de biodiversidade”.

Fixémoslle ao alumnado a proposta de elaborar unha curtametraxe combinando información sobre a ceba e recensións históricas relacionadas coa enseada de San Simón, e como a súa resposta foi moi positiva decidimos intentalo. Mostraron moito entusiasmo e non repararon en poñer esforzo e ilusión. O resultado respondeu ás nosas expectativas e

para a aula foi outro estímulo positivo do proxecto.

Completamos o traballo do congreso cunha sinxela presentación da nosa pradaría, que sería aproveitada por parte do Equipo do CEIDA, para acompañar aos seus vídeos das dúas visitas na elaboración do traballo de divulgación do congreso, facéndoo dun xeito moi atractivo e que queremos agradecer.

O visionado na aula do vídeo do congreso tamén resultou moi positivo e supliu a imposibilidade de poder participar todo o alumnado implicado no obradoiro. Diferentes visións e enfoques enriquecen os resultados acadados.

Incluso unha saída realizada ao remate do curso á península de O Grove, na que puidemos situar a súa pradaría mariña, tivo outra visión, grazas a este obradoiro.

Tamén é interesante sinalar que este obradoiro, realizado só por alumnado de 6º curso de primaria, despertou noutro profesorado e alumnado do centro, a curiosidade por coñecer esta pradaría mariña, e algunhas das producións foron compartidas noutras aulas, deixando viva a posibilidade de continuar difundindo o coñecemento deste ecosistema que temos tan próximo.


PRIMEIRA VISITA Á PRADARÍA MARIÑA DE CESANTES (2/12/2020)



POSTA DE CHOCO NA CEBA NA SEGUNDA VISITA Á PRADARÍA DE CESANTES
(28/4/2021)



MURAL CON IMAXES DA PRADARÍA MARIÑA DE CESANTES



PRADARÍA MARIÑA DE CESANTES-



Como conclusión dicir que a valoración global que facemos da participación neste “Obradoiro educativo sobre pradarías mariñas para centros educativos” é moi positiva. Sendo esta valoración compartida por alumnado e profesorado. Converteuse durante o curso nunha actividade moi querida e a implicación do alumnado nela resultou moi destacable.

Moitas grazas ao CEIDA por poñer en marcha este proxecto!